BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Luns, 29 de novembro de 2021
Núm. 231

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Persoal, oposicións

CONVOCATORIA PROCEDEMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN PARA A COBERTURA DO POSTO DE XEFE DE SERVIZO DO SDUMA

Número de expediente: 2021/CONVNOMLD/000001

ANUNCIO POLO QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DO PROCESO PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE XEFE/A DE SERVIZO DO SERVIZO DE DISCIPLINA MEDIOAMBIENTAL E SE DA PUBLICIDADE AS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA

1.- A Concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura, mediante Resolución de data 17/11/2021, convocou o proceso para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto vacante de xefe/a de servizo do Servizo de Disciplina Urbanística e Medio Ambiental recollido na RPT do Concello de Pontevedra co CDG 4401.

2.- A devandita convocatoria réxese polas bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra na sesión que tivo lugar o 15/11/2021, cuxo teor literal se transcribe a continuación:

"BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE XEFE/A DE SERVIZO DO SERVIZO DE DISCIPLINA URBANÍSTICA E MEDIO AMBIENTAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Primeira.- Obxecto da Convocatoria

Constitúe o obxecto da presente convocatoria a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a de servizo do Servizo de Disciplina Urbanística e Medio Ambiental do Concello de Pontevedra.

Segunda.- Características do posto de traballo

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Pontevedra, publicada no BOP de Pontevedra núm. 148, do 04/08/2021, coas seguintes características:

— Denominación do posto: xefe/a de servizo
— Servizo no que se adscribe: Servizo de Disciplina Urbanística e Medio Ambiental
— Código (CDG) na RPT: 4401
— Escala: Administración xeral

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:WIUOIUKBGLEWEFP3

— Subescala: Técnica
— Grupo: A; subgrupo: A1
— Complemento de destino: 26
— Complemento específico anual: 17.281,81 €
— Sistema de provisión: Libre designación aberta a persoal funcionario doutras administracións públicas.

Terceira.- Requisitos de participación

Poderán concorrer a convocatoria as persoas que, xunto aos requisitos xerais previstos no artigo 56 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, reúnan as seguintes condicións:

a) Ser funcionario/a de carreira do Estado, das Comunidades autónomas ou Entidades locais que pertenzan a corpo ou escala de administración xeral, clasificado no grupo A, subgrupo A1,

b) Estar en posesión da titulación de graduado en dereito, ciencias políticas, económicas ou empresariais, intendente mercantil ou actuario ou equivalente.

Cuarta.- Presentación de solicitudes e documentación

As solicitudes se dirixirán ao Sr. alcalde do Excmo. Concello de Pontevedra e se presentarán no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, número de teléfono móbil/fixo e enderezo de correo electrónico.

As persoas aspirantes acompañarán á súa solicitude a seguinte documentación:

— copia simple do DNI en vigor
— "currículum vitae" e copia da documentación xustificativa dos méritos alegados.
— Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
— Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

As solicitudes deberán presentarse preferentemente por vía electrónica a través do rexistro electrónico do Concello de Pontevedra seguindo as indicacións do procedemento 241 do catálogo de procedementos da Sede Electrónica do Concello de Pontevedra https://sede.pontevedra.gal/public/catalog/catalog-index.xhtml.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:WIUOIUKBGLEWEFP3

Alternativamente poderanse presentar en soporte papel na Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Pontevedra, ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os/As aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro electrónico do Concello de Pontevedra ou na oficina de asistencia en materia de rexistro do Concello de Pontevedra deberán comunicalo a esta entidade local no mesmo día da súa presentación mediante fax (886 212 843) ou por correo electrónico (servizopersoal@pontevedra.eu).

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

As persoas aspirantes que acheguen as solicitudes de participación e demais documentación preceptiva a través da Sede electrónica do Concello, ao xuntar a documentación requirida en cada caso polas bases reguladoras, deberán nomear os arquivos que xuntan identificando con claridade o seu contido (DNI, currículum vitae, etc).

Os/As aspirantes quedan vencellados/as aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento ben de oficio ben a instancia de parte.

Quinta.- Resolución da convocatoria

A presente convocatoria resolverase mediante resolución de nomeamento da Concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura, en virtude da delegación atribuída pola alcaldía mediante Decreto do 15/06/2019, para o que se valorará a idoneidade para o desempeño do posto convocado conforme os méritos alegados e acreditados documentalmente así como o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, podendo quedar deserta a convocatoria se ningunha das persoas candidatas reúne a idoneidade para o desempeño do posto, a xuízo do órgano competente para resolver.

A persoa así nomeada poderá ser removida libremente polo mesmo órgano que o nomeou, nos termos establecidos na normativa vixente.

Sexta.- Toma de posesión

A persoa nomeada deberá tomar posesión do seu posto no prazo de tres días, se non implica cambio de residencia, ou de sete días se comporta cambio de residencia. Cando a adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso o servizo activo, o prazo será de vinte días.

Estes prazos comezarán a partir do día seguinte ao do cese no posto de orixe, o cal deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación na resolución do nomeamento no BOP. O cómputo dos prazos posesorios iniciaranse cando rematen os permisos ou licenzas que, de ser o caso, se concedesen á persoa nomeada e no caso de baixa por incapacidade temporal, a partir da data da alta.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:WIUOIUKBGLEWEFP3

Luns, 29 de novembro de 2021
Núm. 231

Sétima.- Publicidade

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello (https://sede.pontevedra.gal/public/dynamic/transparency/employment/).

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e na Sede electrónica do Concello de Pontevedra.

Oitava.- Recursos

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa."

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:WIUOIUKBGLEWEFP3